

ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CELEBRADA O DÍA 20.06.2022

Nas dependencias do Hotel Porta do Camiño de Santiago de Compostela, reúnese a Asemblea Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto, o día 20 de xuño do 2022, baixo a presidencia de D.Francisco Martín Micó e actuando como Secretaria a que é da mesma D^a Susana Fernández Fiuza. Asisten os membros que se relacionan ao final da presente. Dá comezo en segunda convocatoria coa orde do día que se indica:

1. Reconto dos membros asistentes
2. Aprobación da acta da sesión anterior.
3. Informe do presidente
4. Modificacións dos Regulamentos Xeral e Disciplinario da FGB para a tempada 2022/23, aprobadas por la Comisión Delegada.
5. Aprobación Normas para Competicións Oficias da FGB para a tempada 2022/23, aprobadas polo Comisión Delegada.
6. Aprobación do Calendario de Actividades 2022-23.
7. Contas anuais e liquidación do Orzamento do Exercicio 2021.
8. Orzamento de Exercicio 2022.
9. Ratificación dos Comités de Competición e Apelación.
10. Rogos e Preguntas.

Abre a sesión o Presidente na segunda convocatoria dando por constituída a Asemblea sendo as 18:00 horas. Agradece a todos os presentes a súa presenza e pásase ao primeiro punto da orde do día.

1. Reconto dos membros asistentes:

A Secretaria toma a palabra e dá conta dos asembleístas que están presentes na Asemblea: un total de 21 asembleístas, e informa que segundo os artigos 59 e seguintes queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

2. Aprobación da acta da sesión anterior:

A Secretaria informa aos asistentes que o acta está aprobada o non haber ningunha impugnación a mesma nos 30 días seguintes a súa remisión, tal e como recolle o Art^o 63 dos Estatutos da FGB.

3. Informe do presidente:

Chegamos unha tempada máis a este punto do ciclo deportivo, unha ocasión na que sempre é de xustiza valorar, facer análise e agrupar tamén na memoria o ocorrido para poder seguir traballando nas liñas positivas ou corrixir o que sexa preciso. E este ano de maneira especial por ser estes meses, como xa anunciei na última asemblea

con motivo das eleccións á presidencia, os meus últimos á fronte deste proxecto da FGB.

Por isto, con especial ilusión, quero destacar que nos levaremos no corazón desta tempada a medalla de Bronce conseguida pola nosa Selección Minibasket Masculina no Campionato de España en Cádiz. Gozar do seu xogo e de todo o ambiente creado na expedición Galega son eses agasallos que o noso Baloncesto merece e que, cando suceden, deben gozarse ao máximo.

A consecución deste metal veu ademais acompañada cun gran papel xeral nas restantes categorías das nosas seleccións. Nun ano no que o campionato infantil e cadete viu a súa data atrasada por motivos sanitarios, o seu papel foi impecable. O cuarto posto en Infantil masculino é outra boa mostra disto e de todo o traballo que se realiza previamente durante a tempada.

Con especial ledicia tamén quero deixar aquí a nosa felicitación para unha das gratas noticias do fin desta tempada: o ascenso do Club Ourense Baloncesto. O seu regreso á LEB ORO, así como a gran representación da totalidade de equipos galegos en categorías nacionais, masculinas e femininas, é sempre motivo para sentirse orgullosos e insuflarnos ilusión extra para que, cada ano, esa presenza sexa máis forte.

Eles e elas son os nosos máximos expoñentes pero a nosa labor nesta tempada foi a de continuar afianzando, dando ferramentas e poñendo en valor á base. E non dubidedes que esta foi sempre a nosa meta, tanto cos nosos acertos como cos nosos erros. E quero facer constar de novo que son, e somos conscientes, de que sempre existe unha necesaria marxe de mellora e de impulso para o noso baloncesto.

Nesta última tempada temos que agradecer tamén de novo o compromiso de todos os axentes do noso deporte. Volvemos vivir case no inicio da tempada unha forte presenza do Covid 19 como lastre para poder devolver á normalidade ás competicións e ás actividades formativas. Pero esta situación non foi motivo de derrota ou desánimo e, a pesar de repetir momentos moi duros práctica e animicamente, hoxe podemos volver estar aquí con todas as ligas completadas e cos seus campións dando vida a un novo palmarés.

De feito, un ano máis, e xa vai camiño de ser unha magnífica tradición, podemos gozar da celebración en Galicia do dous Campionato Infantís de Clubs. Os nacionais repetiron visita a Marín e Betanzos exhibindo o incansable traballo, compromiso e esforzo dos Concellos e dos clubs locais. Así mesmo, emprendemos nesta tempada un novo proxecto: o circuito 3x3 FGB.

Estreámolo con carácter oficial e como primeiro paso dun camiño que, cremos, terá no futuro o seu espazo propio. Celebramos catro xornadas baixo este formato. A primeira en decembro, e as tres restantes neste mes de xuño. Pensamos que serán unha boa primeira pedra para unha traxectoria ampla.

AGRADECIMENTO

E antes de finalizar e conceder o seu tempo tanto a Carlos Colinas como a Miguel Ángel Pérez para dar a coñecer en detalle o informe deportivo e arbitral desta tempada, quero aproveitar, e neste caso de maneira máis especial se cabe, para agradecer a todo o meu cadro directivo e a todo o persoal FGB. Entre todos configuran un EQUIPO, con maiúsculas, do que estarei sempre amplamente satisfeito.

Agradecer tamén, sen dúbida, a colaboración, apoio e agarimo que todos os clubs, xogadores, adestradores, directivos, árbitros, oficiais e afeccionados mostraron durante todos estes anos polo Baloncesto Galego, o cal non deixará de ser sempre de todos e para todos.

Informe Area Deportiva

Carlos Colinas toma a palabra e fará un reflexo do que houbo nesta temporada.

As competencias da área deportiva son:

- 1.- Tecnificación dos xogadores/as
- 2.- As seleccións autonómicas
- 3.- Area adestradores

Tamén informa sobre o seguinte:

- Tecnificación nesta temporada..
- Actividades de formación para adestradores.
- Asistencia das Seleccións Campionato de España en Abril.
- Preparación das seleccións.
- Cursos de adestradores: 4 de iniciación cun total de 120 alumnos.
- As titulacións académicas: seguimos co CAD Peleteiro-FGB este ano ofertouse o ciclo SUPERIOR.

Informe Comité Arbitros

Miguel Angel Pérez, toma la palabra e fai un pequeno resumo das actividades do comité de Arbitros que os asistentes poden ver na Memoria de Actividades da FGB que se pode ver na Web da Federación. Asímesmo informa dos seguintes puntos:

- Informes sobre árbitros e oficiais de mesa, subida 23% de licenzas.
- Actividades formativas: un total de 187 dirixidas a árbitros e oficiais de mesa tano autonómica como zonais.
- Estatísticas arbitrais cos vídeos dos encontros.
- Convocatoria de árbitros as Fases finais da FEB e Campionatos de España.

Informe Sinistralidade Seguro.

Toma a palabra a Secretaria Xeral e informa os asistentes sobre resumo deste ano. Falaremos cos datos da temporada 21-22 ata o 26 de maio.

Na temporada en cuestión tivemos 645 sinistros dos que 601 tiveron “procesos” é dicir que ou ben tiveron que facer probas complementarias, ou intervencións quirúrxicas ou foron atendidos en urxencias. Isto representa un coste medio por sinistro de 571,42 €. O ratio de sinistralidade é do 125,94%.

O 6,82% dos sinistros acudiron a urxencias o que representa unha baixada considerable neste aspecto.

Con estes datos e despois dunha dura negociación, a compañía AXA propuxo renovar a póliza cun 15% de subida.

O presidente informa que debido o resultado das contas, esta subida será asumida pola FGB, polo tanto o custo do seguro deportivo para os clubs será o mesmo que a temporada pasada

4. Modificacións dos Regulamentos Xeral e disciplinario da FGB 22/23.

A Secretaria indica aos asistentes que no hai presentada ningunha enmenda polo que en base o artigo 192 do Regulamento Xeral queda aprobado.

5.- Aprobación Normas para Competicións Oficiais da FGB para a tempada 2022-2023, aprobadas pola Comisión Delegada.

A secretaria informa que só hai dous enmendas presentadas por Francisco Martín e que están asumida pola comisión Delegada.

Artº 1.12 Apróbase por unanimidade.

Artº 24.4 Apróbase por unanimidade

6.- Aprobación do calendario de Actividades 2022-23.

A secretaria informa que se remitiu o calendario de actividades da FGB. Este calendario poderá modificarse a lo largo da temporada.

Apróbase por unanimidade o calendario de actividades 22-23.

7.- Contas anuais e liquidación do orzamento de exercicio 2021

Antes de comenzoar este punto o Presidente quere recordar o anterior tesoureiro, Ricardo Méndez, que faleceu fai tres anos e pide para él un aplauso.

Toma a palabra o tesoureiro e informa que como en anos anteriores, xunto coa convocatoria desta Asemblea remitíronse os seguintes documentos económico-financieros:

A Conta de Perdas e Gananzas, o Balance de Situación, a Liquidación Orzamentaria, as Contas Anuais abreviadas e a Memoria do exercicio 2021. Así mesmo, o Orzamento para o ano 2022, que foi aprobado na Asemblea celebrada o 23 de decembro de 2021, e o informe de auditoría, emitido por D. Mario Rafael Salas Ayer, socio auditor inscrito no R.O.A.C. co número 22.068 da firma Capellá Auditores S.L.P. inscrito no R.O.A.C co número S-2.324, no que manifestan, que ao seu xuízo:

“As contas anuais expresan, en todos os aspectos significativos, unha imaxe fiel da situación patrimonial e financeira da Entidade a 31 de decembro de 2021, así como dos seus resultados e fluxos de efectivo, correspondentes ao exercicio que remata na devandita data, de acordo co de acordo co marco normativo de información financeira que resulte de aplicación, (que se identifica na nota 2 do informe) e, en particular, cos principios e criterios contables

contidos no mesmo... E consideran que a evidencia de auditoría que obtiveron, proporciona unha base suficiente e adecuada para a súa opinión”.

Os prazos legais a nivel contable, no noso caso, establecen que:

As contas deberán formularse, como máximo, tres meses despois da finalización do exercicio económico, que rematou o 31 de decembro de 2021, é dicir, o 31 de marzo de 2022, e así o fixemos.

A finais de febreiro xa adelantamos os nosos datos á Xunta para a negociación e tramitación da Subvención correspondente ao ano 2022, que xa está aprobada e recollida.

O prazo legal para a aprobación de contas é de tres meses desde a finalización do prazo de formulación, é dicir, o 30 de xuño, que cumpriremos mediante a celebración desta asemblea, en prazo.

Como lembraredes, a aprobación das contas do exercicio 2020 foi realizada pola asemblea xeral da Federación Galega de Baloncesto, sen que nese momento fosen auditadas.

A causa, allea á nosa vontade, debeuse a que a “Secretaría Xeral para o Deporte” acordou que se encargaría directamente de designar, mediante concurso, a sociedade auditora que realizaría este traballo.

O proceso do concurso levou tempo e, cumprindo os prazos de presentación das contas, a Federación tivo que presentalas á Asemblea para a súa aprobación, antes de que pasaran o proceso de auditoría.

En decembro de 2021, o interventor contratado pola "Secretaría Xeral para o Deporte", B.D.O. Auditores, S.L.P., emitiu o seu informe cunhas salvedades, entre as que destaca o seu ditame, de que o cálculo de determinados ingresos e gastos debe facerse en función da tempada, prorrateándoos, e non por exercicio natural, como vimos estimar de sempre. , e sen que, ata o momento, nunca, ningún dos tres interventores anteriores, que revisaron as nosas contas, manifestou nada en contra.

Así mesmo, a elaboración do informe, pouco clara, demasiado críptica e complexa, pode dar unha imaxe distorsionada da realidade, á vista da súa comprensión, para as persoas laicas nestas cuestións. De feito, os resultados do exercicio, calculados por un ou outro sistema, tradúcense nunha diferenza anual de -3.706,43 euros, que consideramos non relevante para modificar o noso criterio, xa que a modificación presentaría outros inconvenientes que afectarían á xestión: con maior complicación e maiores custos.

Ademais, se a auditoría tivese sido realizada en prazo, é dicir, antes da aprobación das contas pola Asemblea, as excepcións poderían ter sido resoltas, cunha aclaración adicional na memoria, explicando con máis detalle os nosos criterios de asignación. ingresos e gastos, como facemos na memoria deste ano.

Nada máis recibir o informe de Auditoría, en decembro do ano pasado, foi remitido a todos os asembleístas e publicado no portal de transparencia, para o seu xeral coñecemento.

O 17 de febreiro de 2022 recibimos un escrito da “Secretaría Xeral para o Deporte” na que se comunica que xa dispón do informe de auditoría das contas anuais correspondentes ao exercicio 2020 e, á vista do mesmo, observando a

existencia de salvedades. Pídenos que manifestemos que medidas imos tomar para corrixilas.

O pasado 18 de febreiro solicitamos unha reunión co Subdirector Xeral D. Jorge Rubén Sampedro Grande onde lle dixemos: Os criterios que aplicamos, os seus motivos e a súa historia no tempo, e as posibles e razoables solucións alternativas, dende o noso punto de vista. Ao remate da reunión, pídenos que lle remitamos por escrito o que nela consta.

Antes de contestar por escrito ao subdirector xeral, co fin de ter unha mellor comprensión xurídica da situación, remitimos á interventora dos últimos anos, CAPELLA AUDITORES, S.L.P., o informe de auditoría do exercicio 2020 emitido por B.D.O. Auditores S.L.P. con data do 1 de decembro de 2021, para que despois de analízalo, nos dean a súa opinión, dende a súa vertente profesional. As súas conclusións, que reforzan os nosos criterios como válidos, xuntáronse ao noso escrito de resposta á Secretaría Xeral que remitimos o 30 de marzo de 2022.

No dito escrito comunicámoslle ao secretario xeral que, para o exercicio correspondente ao ano 2021, formularemos as contas cos mesmos principios e criterios dos exercicios anteriores, aínda que introduciríamos na memoria no punto 11, ingresos e gastos, os criterios seguidos para a imputación da mesma, que entendemos, permitirían salvar a polémica da división.

Así mesmo, deixamos claro que a Federación Galega de Baloncesto está disposta a realizar as modificacións necesarias nas súas próximas contas anuais, e a ampliar a memoria para evitar problemas de interpretación dos criterios seguidos para a imputación de ingresos e gastos.

Tendo en conta que estas serán as últimas contas que presente esta Xunta Directiva, queremos que todas as cuestións, neste caso concreto, as económico-financeiras, sexan suficientemente claras e o camiño claro para os responsables destas materias. E isto levounos a tomar dúas decisións importantes.

A primeira decisión é sobre a modificación ou non dos criterios de devengo de ingresos e gastos. E decidimos manter os nosos criterios baseándonos no seguinte:

O que entendemos que o noso criterio é práctico, estable, comparable e válido; como se demostrou en todos estes anos.

O que está avalado por profesionais da auditoría, ata tres auditores diferentes.

O que máis se adapta: ao tipo de actividade que realizamos, aos nosos estatutos e que require menos recursos.

Cales as diferenzas as diferenzas económicas co outro sistema, non son relevantes.

Que o momento para tomar esta decisión non é o axeitado e é preferible esperar ao ditame dos próximos auditores, contratados pola Secretaría Xeral, xa que estes serán os profesionais que certificarán as contas nos próximos catro anos.

E, ademais, para o próximo exercicio, e polo menos durante catro anos, as auditorías realizaranse en prazo, antes da celebración da asemblea, e non se producirán os problemas destes dous últimos exercicios.

A segunda decisión foi, por conveniencia ou non, a de presentar as contas á Asemblea, fiscalizada por nós, xa que tiñamos a certeza de que a auditoría, da Secretaría Xeral para o Deporte, non podía realizarse ante a Asemblea.Xeral.

Ante esta situación, decidimos: Presentar á asemblea as nosas contas auditadas, por parte dunha entidade acreditada, que valide os nosos criterios e procedementos, e se atopan algunha deficiencia, erro ou matiz incorrecto no seu traballo, proceder á súa corrección antes da súa realización e aprobación, para que non se repita a situación do ano pasado.

Posteriormente, a auditoría contratada pola Secretaría Xeral realizará o seu traballo e poderá darse un dobre escenario:

1. O máis normal: Que o auditor contratado coincida co que auditou as nosas contas, é dicir, sen excepcións. Nese caso, o camiño para o futuro está claro e nos próximos catro anos poderíamos seguir co mesmo criterio

2. E podería ocorrer, un peor escenario, improbable pero posible: Que o auditor que gañe o concurso teña unha opinión diferente; sexa o ano pasado, quen pensa que hai que periodizar ou outra opinión diferente, segundo o seu criterio. Neste suposto e hipotético caso, cal debe ser a actuación da Federación. Facer as modificacións necesarias para que, polo menos nos próximos catro anos, as nosas contas sexan auditadas sen excepcións. Se consideran que é necesario periodificar, farase e determínase de común acordo co Auditor correspondente un sistema sinxelo, fiable, aceptable, coherente por ambas as partes e comparable no tempo.

O 18 de maio deste ano recibimos o “Informe de Auditoría correspondente ao exercicio 2021”, encargado por nós, sen salvedades.

O día 19 de maio volvemos a reunirnos co Subdirector Xeral D. Jorge Rubén Sampedro Grande, para comunicarlle a nosa decisión de presentar á Asemblea as contas por nós auditadas, e os motivos da mesma, independentemente da auditoría que realicen. coa auditoría que contratan, pero que realizarán despois da nosa Asemblea.

A Federación elaborou as contas anuais do exercicio 2021 baixo o principio de entidade operativa, tendo en conta a situación do devandito exercicio 2021 e a situación actual do COVID-19, así como os seus posibles efectos sobre a economía xeral e sobre a entidade en particular, sen risco de continuidade na súa actividade e detallando a continuación as medidas e efectos que se produciron pola devandita pandemia na entidade, na nosa opinión as máis relevantes:

- Realización dun ERTE ata o 31 de agosto de 2021. A partir desa data reactivouse a actividade normal da Federación.

Durante o exercicio 2021 non se produciron cambios significativos nos criterios contables con respecto aos criterios aplicados no exercicio anterior.

As contas anuais do exercicio 2021 inclúen 4.063,30 euros correspondentes a amortizacións non realizadas en exercicios anteriores por un importe de 5.226,27 euros, e a capitalización de inmovilizado por importe de 9.289,57 euros que fora recoñecido como gasto no exercicio 2019.

A Federación segue o criterio de imputación dos seus ingresos e gastos de acordo co exercicio establecido nos seus estatutos, que coincide co ano natural, e que lle permite cumprir coas obrigas establecidas no artigo 2 da

Resolución do 23 de maio de 2011 de a Secretaría Xeral do Deporte de Galicia. As actividades que realiza a Federación consisten basicamente na coordinación e planificación de todas as actividades relacionadas co baloncesto na Comunidade Autónoma de Galicia. Estas actividades realízanse durante a tempada deportiva, que comeza en xullo dun ano e remata en xuño do ano seguinte, diferenciándose do exercicio económico establecido nos estatutos da entidade.

Pero a Federación optou por non facer periodificacións de ingresos e gastos relacionados co período de actividade deportiva, porque as variacións dun ano a outro son pouco relevantes.

A correlación de ingresos e gastos mantense dentro do exercicio económico ao que correspondan estas contas anuais.

Non houbo eventos posteriores ao peche de relevancia significativa.

Durante o período 2021, a Federación non desenvolveu ningunha actividade comercial como fonte accesoria de recursos, exercendo unicamente actividades que coincidan cos fins estatutarios propios. Polo tanto, ao peche do exercicio 2.021, todos os seus bens e dereitos están vinculados aos fins propios da entidade. Ademais, o destino de todos os ingresos e ingresos obtidos no ano 2.021, correspondeu aos fins propios da Federación.

No anexo I do informe de auditoría incluíuse a "Liquidación orzamentaria do exercicio 2021".

Os datos remitidos para esta asemblea, da conta de resultados do exercicio 2021 con respecto ao exercicio anterior e co orzamento de 2021, así como as súas variacións en contía e porcentaxe.

En primeiro lugar, imos ver a panorámica global do ano, e para iso centrámonos nas partidas de ingresos totais, gastos totais e resultados:

1. En canto aos ingresos totais, o ano 2021 supuxo un incremento do 48,83% (aprox. 574.000 €) con respecto ao ano 2020, o que reflicte unha clara recuperación da actividade Lembra que no ano 2020 caeramos un - 42,74% con respecto ao ano 2.019.

2. En relación ao total dos gastos, estes tamén se incrementaron nun 41,26% (451.000 € aprox.) debido ao incremento da actividade. Non obstante, este incremento viuse reducido pola aceptación do ERTE por parte da Federación.

3. O resultado do exercicio 2021 reflicte un beneficio de 208.447,36 €

E en segundo lugar, quero centrarme nas dúas partidas de ingresos globais e na súa contribución á renda total.

- Por unha banda, os ingresos propios da Federación, que creceron un 60,19% en 2021 (uns 526.600 € aproximadamente) e que representan o 80,11% dos ingresos totais.

- E por outra, Subvencións, que aumentaron un 16% aprox. (47.500 €) e que representan o 19,89% dos ingresos totais.

- Esta relación 80/20 é coherente co noso modelo de consistencia ideal para estas partidas.

Os datos do Balance de Situación do ano 2021 con respecto ao ano 2020, así como as súas variacións de importe e porcentaxe, e a súa participación porcentual sobre o total.

Neste exercicio fiscal, os activos e pasivos a 31 de decembro de 2021 aumentaron un 75,91 % en comparación co 31 de decembro de 2020.

As porcentaxes de participación dos distintos activos do balance mantéñense estables con respecto ao ano pasado.

Á vista dos datos podemos dicir que:

- O balance ten unha estrutura razoable, estable e equilibrada.
- Cun risco financeiro baixo
- Non presenta problemas de solvencia nin de liquidez
- E podemos dicir que ten un Capital Circular óptimo.

O exercicio 2021 foi un ano de importante recuperación do nivel das actividades propias da Federación tras a baixada sufrida, ao longo do ano 2020 e parte do ano 2021 pola epidemia de COVID-19, e que estimamos que rondou os 49. % da nosa actividade.

Neste ano 2021 recuperamos o nivel de actividade nun 34% do perdido en 2020, unha cifra moi positiva, pero que aínda deixa pendente un 15% para alcanzar o nivel do ano 2019, o máis alto da Federación na súa historia. ata agora e que esperamos volver conseguir pronto

Seguindo a nosa política de previsións: "rigor nos gastos e prudencia nos ingresos", conseguiuase que os ingresos aumentaran un 7,05% sobre as previsións e que os gastos se reduzan un -5,57%.

Durante todo o ano 2021 seguimos adherindo á política de ERTE, en función das necesidades da Federación e mantívose ata o 31 de agosto de 2021, data desde a que a Federación volveu á normalidade laboral. Esta política xerou importantes aforros en custos fixos.

Malia non acadar o nivel de actividade do ano 2019, a subvención da Xunta de Galicia creceu este ano un 14,12%, acadando cifras moi próximas ao exercicio 2019.

Estas circunstancias e factores incidiron notablemente no resultado do exercicio, pero son circunstanciais e desaparecerán, xa este ano e tamén no futuro.

Como consecuencia de todo o anterior, podemos cualificar o resultado deste exercicio 2021 de extraordinario, non só pola súa contía, senón tamén porque é pouco frecuente e ocorre raramente.

E quero deixar claro que o beneficio económico non está entre os obxectivos prioritarios desta Federación.

O que pretende, busca e coida é a xeración de recursos suficientes e necesarios para desenvolver as actividades propias que lle foron encomendadas e unha situación económica que lle permita desenvolver a súa misión con independencia, equilibrio e estabilidade. Porén, ese punto de equilibrio varía e ás veces atopámonos con circunstancias que ás veces provocan perdas ou ganancias que van máis aló do esperado.

Finalmente quero destacar:

A achega, o compromiso, o traballo e a ilusión que os clubs tiveron neste período convulso e de complicada xestión e que foi fundamental nesta recuperación.

Así mesmo, tamén é importante destacar o esforzo do equipo directivo e persoal da Federación para superar as dificultades dunha xestión chea de incerteza e non exenta de dificultades.

A nivel privado, e en público, quero agradecer a Adela Iglesias, responsable das tarefas administrativas e contables da Federación, a súa perenne disposición, dedicación e responsabilidade. Grazas Adela polo teu traballo! A túa axuda é esencial!

E tamén ao noso presidente, “Paco Martín”, que tras esta pequena odisea de catro lexislaturas, vai deixar a Federación Galega de Baloncesto como unha das mellor xestionadas, se non a mellor, da nosa comunidade galega.

O MEUS APLAUSOS E AGRADECEMENTOS A TODOS!

Espero, a vosa aprobación para estas contas

E moitas grazas pola vosa atención

Quedan aprobadas as contas do exercicio 2021 por unanimidade.

8.- Orzamento de Exercicio 2022.

A Secretaria explica aos existentes que o Orzamento do 2022 xa foi aprobado na Asemblea Extraordinaria de xaneiro, para dar cumprimento a Lei do Deporte de Galicia.

9.- Ratificación dos Comités de Competición e Apelación .

O Presidente informa aos asistentes que para a tempada 2021/2022 ratifica nos seus cargos aos responsables actuais dos Comités Xurisdicionais da Federación: D. Juan Rey Couselo no Comité de Competición e Dona. Mercedes Salmonte Couso no Comité de Apelación.

Apróbase a ratificación dos nomeamentos dos Comités de Competición e Apelación por unanimidade.

10. Rogos e Preguntas.

Non habendo ningún rogo e ningunha pregunta, dáse por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto sendo ás 19.38 hrs. do día da data, da que eu como Secretaria dou fe.

VºBº O PRESIDENTE.

Relación de Asistentes

E.D.M. Estradense (Alfonso Sanmartín Carbón)
C.B. San Pelayo (Jesusa Archa Pichel)
C.B. Valle Inclán (José M^a González Rodríguez)
C.B.Sto. Domingo Betanzos (José M. Valeiro Iglesias)
C.D. Sagrado Corazón (Rubén Engroba Cabo)
C.B. Fundación Acea da Má (David Castañón Gadea)
Porriño Bto. Base (Icia Alcalde Giraldez)
C.B. Cambre (Javier Prieto Souto)
C.B. Breogán (Jesús Lázare Rincón)
C.B. Arxil (Lino Vázquez Sánchez)
C.B. Allariz (Aniceto Fernández Fernández)
A.B. Xinzo (Luis Gil Penín)
Daniel López Illán (Arbitros)
José Lázare Prado (Arbitros)
Noelia Rodriguez López (Arbitros)
José A. Vázquez Vázquez (Xogador)
F.Gonzalo Seijo Rodríguez (Xogador)
Laura Alonso Fernández (Xogadora)
Javier Codesido Farto (Adestradores)
Javier Cotelo Rama (Adestradores)
Francisco Martín Micó (Presidente)

Relación de Invitados

Lorena Barros Quintas
Julio Bernárdez Alvarez
Miguel González López-Mosquera
Ramón Lago Alvarez
Marcos Prieto Souto